

Manifesto da Asemblea Nazonalista de Lugo

Galicia
1918

*Manifesto da Asemblea Nazonalista
de Lugo*

*Os persoíros das Irmandades da Fala reunidos
en asamblea magna tida na cidade de Lugo nos
dias 17 e 18 do mes de data para conquirere do Goberno
da Sua Magestade El Rey autonomia integral da
Nación Galega e fixaron un programa ~~con~~ concreto
as que coidan estas solucións os problemas que interesan
d-un xeito fundamental á vida nacional da Galicia,
aprobaron e sosteñen, c-o corazón ategado de esperanza
e os ollos postos no porvir da naya terra, as seguintes
conclusiones, que fan públicas pra conocimiento e medi-
tación do pobo Galego, nestora solemne do albes*

Cataloguing data

Title (English)

Nationalist Assembly of Lugo Manifesto

Title (original language)

Manifesto da Asemblea Nazonalista de Lugo

Author(s) (Person(s))

Antón Losada Diéguez, Antón Villar Ponte, Lois Peña Novo, Manuel Banet Fontenla, Xaime (Jaime) Quintanilla Martínez, Ramón Cabanillas Enríquez, Alfonso Manuel Rodríguez Castelao (Castelao), Victoriano Taibo García, Gonzalo Francisco López Abente, Guillermo Cedrón Gómez, Xesús Culebras Rodríguez

Author(s) (Association(s))

Irmadades da Fala

Date and place

18 November 1918, Lugo

Region(s)

Galicia

Language(s)

Galician

Type of document

Policy proposal

Reference Code

GZ0004

Keywords

Nationalism, language

Context

The slow progression of political Galician nationalism in the 19th and early 20th centuries took a decisive leap forward in 1916 with the appearance of the Irmandades da Fala (Brotherhood of the Language), which brought together regionalists from a variety of backgrounds. The consolidation of the Irmandades, which were explicitly defined as nationalist, took place at the 1st Nationalist Assembly of Lugo, which approved the Manifesto outlining the Galician nationalist movement's political proposals. This foundational Manifesto owes its importance to its serving as the common basis for all nationalist programmes until the Second Republic.

Abstract

The Manifesto takes the form of a programmatic political document whose subject is the Galician people, addressed to the Head of the Spanish State. The document's central demand is political, economic and financial autonomy for Galicia within the framework of a federation of Iberian nations, including Portugal.

The Manifesto is divided into seven sections structuring the political and institutional framework of the federal state of Galicia, administrative reform, the powers of the Galician government, the legal framework, the economy and cultural, artistic and land management matters. The text recognises the legal personality of parishes, which are endowed with a management and government structure; establishes an electoral system based on proportional representation; demands co-official status for Galician and Castilian Spanish; recognises gender equality; dissolves the provincial councils; establishes an autonomous tax system; delegates certain powers, such as customs and excise, to the Federal State on the basis of a bilateral agreement; and highlights the need to draft a law to harmonise buildings with traditional local styles of construction.

Os persoeiros das Irmandades da Fala reunidos en asamblea magna tida na cibdá de Lugo nos días 17 e 18 do mes da data pra conquerire do Goberno da Sua Maxestade El Rey autonomia integral da Nación Galega e fixar n-un programa concreto as que coidan testas solucións ós problemas que intresan d-un xeito fondonísimo â vida nazonal da Galicia, aprobaron e sosteñen, c-o corazón ateigado de esperanza e os ollos postos no porvir da nay Terra, as siguientes conclusións, que fan públicas pra conocimiento e meditazón do pobo Galego, nestora solemne do albeo das nazonalidades que sinten tremelar a sua y-alma e fan xurdir a súa persoalidade.

I. PREVIA

Tendo a Galicia total-as características esenciaes de nazonalidade, nós, nomeámonos, d-oxe pra sempre, nazonalistas galegos, xa que a verbe rexonalismo non recolle total-as aspiracións nin encerra toda a intensidade dos nosos problemas.

II. PROBLEMAS COSTITUENTES

1º. Autonomía integral pr-a Galicia.

2º. Autonomía municipal, distinguindo o municipio aldean do vilego, axeitándose o Concello aldean sóbor da base do reconecimento da persoalidade xurídica das parroquias, que terán as súas Xuntas, elexidas antr-os cabezas de familia (petrucios) homes ou mulleres, pra termaren dos seus bés privativos.

Os presidentes ou cabezaleiros d-estas Xuntas, serán vocás nados ou concelleiros da corporación municipal e nomearán d-antr-eles o Alcalde que dirixa o Concello. As parroquias, con persoalidade xurídica, poderán contrataren y-estableceren seguros e institucións de creto an-tros veciños e administrare os bés comús, que o Poder Central, terá de lles restituire, dispoñendo o seu aproveitamento. O Concello terá de sere pol-o tanto, mais que unha organización de carácter ademenistrativo, unha prolongación ou complemento das parroquias, como estas o son do fogar, que presidirá a vida económica e social das mesmas.

3º. Cooficialidade dos idiomas galego e castelán.

4º. Federación da Ibéria.

5º. Dentro d-esta federación, igoaldade de relacións con Portugal.

6º. Crendo na accidentalidade das formas de goberno intréanos acrarar que

non apelamos por ningunha, mais simpatizaremos dende logo con aquela que se amostre mais doada pra chegare â federación con Portugal.

7º. Ingreso das nazonalidades da Ibéria na Liga das Nazóns.

III. PROBLEMAS POLTICOS

1º. Igoaldade de dereitos pr-a muller

2º. Custión eleitoral:

A función eleitoral terá de sere da responsabilidade do goberno e protexida pol-o Poder público.

Representación proporcioal como sistema eleitoral.

Non serán elexibles os elementos que non rendan unha función útil pr-a colectividade.

A Asambleia declara: Que si nas eleicións pr-a Cortes Constituentes Hespañolas non se nos dera unha prenda en garantía exceicional pr-a que a vontade do pobo poida manifestarse con toda liberdade -pois coas organizacións oligarquicas de oxe non sería abranguible- apelariamos ôs representantes das nazonalidades Eúskara e Catalana e, si elo non abondara, ô Estado mais afin ô noso pra que na Liga das Nazóns defenda o noso dereito â liberdade cibdadana.

3º. Acabamento das Diputacións provinciais.

4º. Creación do Poder Autónomo, representado por un xuntoiro ou Parlamento Galego, elexido por sufraxio universal, con total-as facultás que a reforma da Constitución non garde pr-ô Poder Central e sempre, pol-o menos as seguintes:

IV. FACULTÁS DO PODER GALEGO

1ª. Nomeamento da Xunta Gobernadora que terá de exercel-o Poder executivo, composta d-un Presidente e seis Segredarios encargados dos Departamentos de Administración, Xusticia, Enseño, Obras publicas, Agricultura, e Industria e Comercio.

2ª. Total-as funcións administrativas.

3ª. Lexislación social, agas n-aqueles casos nos que os problemas sociaes se extendan âs diversas nazóns da Ibéria.

4ª. Réximen tributario, sin intervención do Poder Central ô que somentes pagará o

Autónomo a cantidade que se fixe nos concertos económicos.

5ª. A potestade docente do Estado actual pasará enteira ô Poder Galego.

6ª. O réximen bancario no que intervirá pol-a función social que oxe teñen os Bancos. A mesma facultade pr-a solución do Creto agrícola.

7ª. Correios e Telegrafos: O seu servicio ô carrego do Poder Central; a súa creación será cousa do Poder Autónomo; o servicio dos teléfonos ô carrego do poder galego. A censura n-estes servicios, non poderá ser exercida pol-o Poder Central mais que no caso de guerra.

8ª. Ferrocarris: A súa nazonalización. A súa lexilazon sobor dos mesmos será facultade do Poder Central; a súa construción e ademenistración, encarga do Poder Autónomo.

9ª. Portos francos. A lexislación e regularización do trafico marítimo, encarga do Poder Central.

10ª. Si vén co-a Paz o acabamento dos exercitos permanentes, e no caso de que somente quedaran exercitos policías, tamén será facultade do Poder Galego a fixación das forzas que xuzgue precisas pra o orde interno de Galicia.

V. CUSTIÓS XURÍDICAS

1ª. Sustantividade do Dreito foral galego.

2ª. Derogación do Artigo V do Código Civil e reforma do seu articulado no que se refire â sucesión ab-intestato.

3ª. A publicación das leises, farase no idioma Galego.

4ª. Igoaldade de dereitos da muller casada pol-o menos no caso de emigrazón do marido.

5ª. A función dos Trabuales da Xusticia rematará en recurso derradeiro en Galicia e sempre realizada por funcionarios galegos.

6ª. As terras dos pequenos propietarios que as laboreen consideraranse instrumentos de traballo pra os efectos do embargo.

7ª. O arrendatario, terá dereito a unha parte da supervalía do arrendado, sempre que sexa debida a os melloramentos producidos pol-o seu traballo.

VI. PROBLEMAS ECONÓMICOS

1º. As custiós aduaneiras, serán resoltas por concerto entre o Poder Autónomo e o Central, salvo o libre cambio de cereales.

2º. Reintegración â propiedade privada, pol-o xeito mais doado dos montes do Estado, dos pobos e de propios.

3ª. Repoblación forestal forzosa. Si os particulares a non fan, a faria o Poder galego por anualidades gravando sobre a riqueza creada, o capital invertido mais os intreses. Reforma da lexislación civil neste punto.

4ª. A Asemblea declara de toda urxencia a resolucion do problema dos gravámenes sobor da terra en Galicia.

5ª. Tamén declara sere un crime contra Galicia o permanente absentismo dos propietarios da terra.

VII. ASPEITOS ARTISTICOS

1º Proclamar a soberania estética da Nación Galega que se exercerá:

a. Sobor as construcións urbanas e ruraes, ditándose unha ley que obrigue ôs propietarios a axeitare o estilo das suas construcións ô estilo xeneral de cada vila galega.

b. Na expropiacion de moimentos e paisaxes.

c. Na organización do ensino artistico, con creación de unha Escola Musical Galega. Na cibdá de Lugo a noite do dazaoito do Sanmartiño do ano de mil novecentos dazaoito.

Por todol-os Asembleistas, representados e adheridos A mesa Presidencial. Losada Dieguez- Villar Ponte – Peña Novo – Banet Fontenla – Quintanilla – Cabanillas – Castelao – Taibo – Lopez Abente – G.Cedrón – Culebras.

No manifesto publicado, en formato folio e dirixido “Ao pobo galego”, aparecía, ao remate, este texto:

Vede, irmáns galegos, o noso programa. Non é nin pode ser nosa verba difinitiva; mais é, por decontado, un berro d’ anguria que vos chama e a úneca afirmación creadora feita na nosa patria galega.

Son chegado-l-os tempos d´erguere a y-alma e o pensamento de Galicia, e sobor todo a súa soberanía, compreta e sin cativeces. N-isto non caben discusións: Galicia ten dereito, un dereito fundamental, a ser dona ausoluta de si mesma. Con vountade ceibe faremos nupcias d´amore con outras soberanías, contr´as que non vai nin quér ire a soberanía nosa.

Pensade pois, nas nosas concrusións, feitas pra todol-os galegos. Pró, ademais, sentídeas, practicádeas.

Nosos brazos están abertos pr´a fecunda aperta. Todos xuntos melloraremos a grande obra. O ideal que nos aloumiña vos pide que sintades a Galicia, coma nós no recuncho mais intenso das vosas almas.

Ninguén é inútil pra ista cruzada. A nosa mocidade tén unha santa obriga co-a patria, e agardamos, ateigados do lume inmenso do noso amore, que todo galego dino nos mande súa adhesión á Santa Causa da Redenzón da Nai Terra.

Na cibdá de Lugo, a noite do dazaoito de Samartiño do mil novecentos dazaoito, Pol-os asambleistas:

A. Losada Diéguez; V. Risco; A. Noguerol; X. Quintanilla; M. Banet Fontenla; R. Cabanillas; A. R. Castelao; L. López Abente; V. Taibo; V. Parateha; A. Villar Ponte; J. Ferreira; L. Peña Novo; L. P. Carballa; X. Culebras; E. Bidegain; F. Vázquez Enríquez; G. Cedrón; F. M. Balboa; X. V. Viqueira; R. Blanco Torres; Rodríguez de Vicente; Ivo Fernández; Correa Calderón; R. Villar Ponte; L. Ares; A. Ramos; S. Mosteiro; X. Ares; X. Peña; L. Briones; Díaz Varela; P. Peña Novo; Sánchez Taíz; X. Faraldo; V. Veiga; C. Monasterio; X. Sarmento; L. de Labra; R. Oxea; C. García Colmelo; R. Gutiérrez; X. García Colmelo; F. Abelaira; A. Casal; T. Rodríguez; F. Zamora; V. Maceiras; A. Martínez; I. Rodríguez; X. Robles; R. Carballal; R. Areses; E. Charlón; M. Sánchez Hermida; T. Amador; M. Vázquez; B. Varela; I. A. Garaloces; X. Basteiro; E. Lence Santar, Guitián; V. Casas e X. Monteiro Mejuto.

A Asambreia que aprobou iste Manifesto asistiron personeiros de total-as Irmandades; estiveron representadas 67 sociedades agrarias, cinco centros culturaes; e mandaron sua adhesión cinco federacións agrarias, once Concellos, mais de 49 Asociacións e numerosísimas personalidades de Galicia.

(A cantos simpaticen con iste manifesto pregámoslles comuniquen-o o mais axiña posibre, a calquera Irmandade de Galicia, pra faguer púbrico o estado da opinión galeguista).

Diliname is a digital library dedicated to preserving, disseminating, and providing access to historical documents that shaped key moments of the XIX and XX century. It aims to offer historical context for contemporary political and institutional developments.

Discover new docs at www.diliname.eu